



Bases Altia Premia TFG GrEI ETSE

Convocatoria VI Edición: curso 2023/2024

altia

USC
UNIVERSIDAD
DE SANTIAGO
DE CHILE
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
DE ENGENÑARÍA

Índice

A young woman with dark hair, wearing denim overalls over a light-colored t-shirt and white sneakers, is captured in a dynamic, joyful pose. She is running towards the right, her mouth wide open as if shouting or cheering. In her right hand, she holds a blue and white megaphone, which is partially overlapping the word 'Índice' in the title. Her left hand is raised, with her index finger pointing upwards. The background is a dark, gradient blue, and the overall lighting is dramatic, highlighting her form against the dark backdrop.

01. Obxectivo e ámbito da convocatoria	3
02. Presentación de solicitudes e documentación	3
03. Fases do proceso.....	4
04. Presentación do Traballo Fin de Grao.....	4
05. Datas importantes	4
06. Xurado	5
07. Dotación do premio	5
08. Aceptación das bases e RGPD 25/05/2018	5
Anexo RGPD	7

01. Obxectivo e ámbito da convocatoria

Co fin de estimular a formación do alumnado titulado no Grao en Enxeñaría Informática, Altia convoca o Premio “Altia Premia TFG GrEI ETSE”.

Poderá optar ao premio o alumnado de Grao en Enxeñaría Informática da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela **que presente e defenda con éxito o seu TFG dentro do ano natural 2024, defensas que corresponden ao curso académico 2023/2024.**

02. Presentación de solicitudes e documentación

Os/as alumnos/as interesados/as en optar ao premio deberán rexistrarse na web <https://www.altia.es/altia-premia-etse> aportando os seguintes datos e documentación:

- **Datos persoais do/a candidato/a:** nome e apelidos, DNI, correo electrónico, número de teléfono e enderezo postal.
- **Datos do TFG:** Título, temática e resumo do traballo e data de defensa.
- **Resumo do proxecto,** indicando a súa motivación persoal e profesional para acadar o premio (extensión máxima dous folios).
- **Memoria completa do proxecto.**

O/a alumno/a acepta que os datos de carácter persoal facilitados a Altia poden ser empregados con posterioridade aínda non sendo premiado nesta edición.

03. Fases do proceso

- **Presentación de solicitudes** para optar ao premio da V edición de “Altia Premia TFG ETSE”.
- **Elección e publicación de finalistas:** serán seleccionados como máximo 5 candidatos/as.
- **Os/as finalistas presentarán o traballo** ante o xurado do “Altia Premia TFG GrEI ETSE”.
- **Fallo do xurado** do “Altia Premia TFG GrEI ETSE” e publicación do Traballo Fin de Grao premiado.
- **Entrega do premio** “Altia Premia TFG GrEI ETSE” no evento institucional do Día da ETSE.

04. Presentación do Traballo Fin de Grao

Os/as finalistas presentarán o traballo ante o Xurado de Altia Premia TFG GrEI ETSE.

05. Datas importantes

- Data límite de presentación de solicitudes: **31 de outubro de 2024.**
- Publicación do listado de finalistas: **do 16 ao 20 de decembro de 2024.**
- Presentación dos traballos dos/as finalistas ante o xurado: **do 27 ao 31 de xaneiro de 2025.**
- Publicación da resolución do fallo do xurado: **do 17 ao 21 de febreiro de 2025.**

A **entrega do premio** terá lugar durante os actos de celebración do *Día da ETSE*.

06. Xurado

O xurado do “Altia Premia TFG GrEI ETSE” estará formado polos seguintes membros:

Por parte da ETSE:

- Director/a da ETSE ou persoa na que delegue
- Coordinador/a do título ou persoa na que delegue

Por parte de Altia:

- Director/a de operacións de Santiago ou persoa na que delegue
- Panel de expertos: Xerentes de Proxecto das áreas de desenvolvemento de software, Business Intelligence e administración de sistemas.

A decisión do xurado non poderá ser recorrida.

07. Dotación do premio

O premio está dotado con **1.500 €** para o/a autor/a do Traballo Fin de Grao premiado.

08. Aceptación das bases e RGPD 25/05/2018

A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa por parte do/a candidato/a destas bases na súa integridade, así como a asunción completa de responsabilidade respecto a que os TFG, son orixinais e non infrinxen dereitos de terceiros.

Así mesmo, a participación nesta convocatoria implica a autorización aos/ás organizadores/as para dar publicidade dos nomes dos/as estudantes finalistas e premiados/as, así como o título e resumo dos proxectos.

Anexo RGPD

A finalidade é xestionar os datos das persoas participantes no Premio de Trballo de Fin de Grao organizado por Altia en colaboración coa Escola Técnica Superior de Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela, tanto para a valoración das propostas do Premio como para posibles procesos de selección.

A Lexitimación de Consentimento do/da interesado/a.

Destinatarios/as: Os datos de carácter persoal que facilite mediante a súa participación coa finalidade indicada anteriormente, poderán ser cedidos ás empresas do Grupo Altia, ademais doutras cesións previstas na lei. Pode exercer os seus dereitos segundo o incluído a continuación. Terase o dereito para acceder, rectificar e suprimir os datos así como outros dereitos, como se explica na información adicional.

A duración dos datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal proporcionados conservaranse durante o proceso de valoración do Premio de Trballo de Fin de Grao, así como para a participación en posibles procesos de selección no período inmediatamente posterior de dous anos. Finalizado o prazo sinalado os datos serán eliminados ou bloqueados, salvo obrigaón legal en contrario.

Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no apartado 7 do Aviso Legal incluído na nosa páxina web (<https://www.altia.es/es/aviso-legal>).

Bases Altia Premia TFG GrEI ETSE

Convocatoria VI Edición: curso 2023/2024



altia

USC
UNIVERSIDAD
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
DE ENXENARÍA